



**Escola Universitaria de Relacións Laborais**  
**CONVOCATORIA CAMBIO DE GRUPO**  
**CURSO 2008-2009**

A normativa da Universidade para a organización docente de primeiro e segundo ciclo, aprobada pola Xunta de Goberno do 31 de outubro de 1996, establece que é competencia dos centros a publicación dos criterios de distribución dos alumnos entre os distintos grupos, así como a regulación do procedemento para a solicitude de cambio de grupo e a súa resolución.

**1.- Dos grupos.**

Nas materias troncais e obrigatorias, para o curso 2008-2009, os alumnos están adscritos inicialmente aos diferentes grupos previstos no PDA en función da inicial do primeiro apelido do xeito seguinte:

1º Curso: Grupo A (A-F) horario de mañá  
Grupo B (G-O) horario de mañá  
Grupo C (P-Z) horario de tarde

2º e 3º cursos: Grupo A (A-K) horario de mañá  
Grupo B (L-Z) horario de tarde

**2.- Cambio de quenda**

O cambio de grupo establécese como cambio de quenda, polo que afecta a todas as materias das que se matricule o alumno, tanto no primeiro prazo de matrícula como nos sucesivos prazos de modificación ou ampliación.

O alumno que solicite cambio de quenda e que amplíe matrícula nos prazos establecidos para elo, quedará vinculado nas materias das que se matricule neste prazo, ao grupo que se lle concedeu na resolución de cambio de grupo.

**3.- Solicitudes e prazo**

a) Os alumnos interesados en solicitar o cambio de grupo deberán efectuar unha única solicitude do **1 ao 17 de outubro**.

b) A solicitude farase a través da Secretaría Virtual na páxina Web da Universidade (<https://sec-virtual.usc.es/Secretaria/Login.asp>), para aqueles estudantes que teñan conta de RAI. Para os estudantes que non teñan conta de RAI accederán a seguinte dirección (<https://matricula.usc.es/loginx/Login.asp>). Este procedemento é o único habilitado para este proceso.

c) Aqueles alumnos que acrediten cumpridamente situacións persoais extraordinarias (laborais, físicas, de transporte) que lles impidan asistir as clases no grupo que lle corresponde por apelido, deberán presentar na Secretaría do Centro ou na Oficina do Xestor Académico a documentación acreditativa desta situación acompañada do resgardo da solicitude, que poderán imprimir no momento de cumprimentala a través da Secretaría Virtual.

**4.- Alumnos de intercambio (Erasmus, Sicue, outros convenios)**

Os alumnos que cursen estudos neste Centro ao amparo de convenios de intercambio ou bilaterais, poderán elixir o grupo que desexen en cada unha das materias das que se matriculen. A solicitude deberana facer ou ben na Secretaría Virtual, se a teñen habilitada, ou ben na Oficina do Xestor Académico.

### 5.- Número de prazas para o cambio

O número máximo de prazas de cada grupo será do 135% do número teórico de alumnos do grupo por materia, considerando como tal o resultado de dividir o número de alumnos matriculados na materia no curso 2006-2007 entre o número de grupos.

### 6.- Criterios para a concesión dos cambios.

Entre todas as solicitudes presentadas procederase á asignación de grupo atendendo aos criterios seguintes:

- a) O cambio considerárase como unha solicitude en bloque de todas as materias troncais e obrigatorias das que se matricule o alumno no curso 2007-2008, polo que se unha materia supera a porcentaxe establecida, afectará a toda a súa solicitude
- b) Se o número de prazas dun grupo é inferior ao número de solicitudes, a asignación efectuarase de acordo coa seguinte orde de prioridade:
  1. Alumnos que acrediten situacións extraordinarias das referidas no apartado 3.c. previo informe favorable da Comisión Académica do Centro.
  2. Resto de alumnos en función da nota media do seu expediente.

### 7.- Resolución e efectos

- a) A resolución das solicitudes será publicada nos taboleiros de anuncios da E.U. de Relacións Laborais.
- b) Todos os cambios de grupo concedidos na presente convocatoria serán irrenunciábeis.
- c) A resolución do Director sobre concesión e denegación de solicitudes de cambio poderá recorrerse en alzada perante o Reitor no prazo dun mes dende que se ditou o acto. Será de aplicación a normativa académica e maila Lei 30/1992 das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2008

O Director



Juan Arés Fernández

SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA; SR. DIRECTOR DO C.O.I.E.; SRA. XEFA DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR.; TABOLEIRO DA E.U. DE RELACIÓNS LABORAIS